

Notas sobre dous poemas exhumados de Otero Pedrayo:
«Natal» e «Ourense, craro río, verde val»

Xosé Manuel Dasilva Fernández

C o gallo de se celebrar dous anos despois o centenario do nacemento de Rosalía de Castro, o Seminario de Estudos Galegos acordou en 1935 elaborar para a conmemoración do evento, como unha magna e valiosa obra de homenaxe, un compendio selecto da poesía galega de todos os tempos¹. O plano do seu índice habería abranguer, consoante as denominacións orixinais, os seguintes seis períodos desde as orixes ata a contemporaneidade: a lírica medieval, a escola galaico-castelá e a decadencia, o Renacemento, os poetas do grupo 'Nós', a nova xeración e, por último, un apartado específico dedicado á lírica popular. Cobizábase xuntar un tesouro poético ciscado que ficaba restrinxido ó único coñecemento dos eruditos e intelectuais, sen se divulgar con accesibilidade, xa que logo, a un público maioritario e xeral. Tal proxecto era incuestionablemente loable de seu, pois permitía achegar ó lector corrente aquelas parcelas da nosa literatura poética máis ignoradas, nomeadamente as cantigas medievais, as cales se reputaban dignas de dar coa súa orixinal personalidade unha aura innovadora á obra dos poetas máis mozos². Por outra

1. Sábese que a conmemoración dos cen anos do nacemento de Rosalía, un acontecemento calibrado de enorme importancia, fa congregar ó longo de 1937 unha ringleira de actos e escritos na súa honra. Todos eles foron abortados dolorosamente co estalido da Guerra Civil. O propio Otero Pedrayo, co acompañamento de Bouza-Brey, concebía o designio de homenaxear a Rosalía a través dos números dunha revista, *A Rosa de cen follas (Ceifa literaria en nove momentos pra conmemorar o centenario de Rosalía)*, ideada e planificada por ambos os dous con esa intención. Vid. Alonso Montero, Xesús, «Inéditos e dispersos de F. Bouza-Brey», en Varios, *Fermín Bouza-Brey: Día das Letras Galegas 1992*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1992, pp. 11-28; nas páxinas 13 e 14 está unha carta, recuperada por Alonso Montero, que Bouza-Brey dirixiu a Otero Pedrayo o 17 de decembro de 1935, onde se recolle un esbozo detallado da futura publicación. Por motivos circunstanciais obvios, desgraciadamente esa revista rosaliana xamais chegou a bo porto.

2. Ben se coñece que en 1936 xa non podía ser rara a imitación das cantigas medievais, varios anos antes recuperadas literariamente desde a modernidade por Bouza-Brey e Álvaro Cunqueiro. Non obstante, é curioso advertir que nese ano aínda se seguía a sentir a poesía dos Cancioneiros como unha fonte inesgotable capaz de renovar a inspiración dos novos poetas galegos. En *El Pueblo Gallego*, o anónimo redactor dunha noticia sobre o mencionado proxecto editorial do Seminario de Estudos Galegos reflecte ese convencemento nos seguintes termos: «(...) y claro está que con ello nos referimos, de modo muy especial, a la época de los cancioneros, cuyo volumen, al ser dado a la publicidad, va a causar, de un modo cierto e indudable, gran impresión en los poetas de hoy, entre los cuales quizá contribuya a dar una nueva orientación a la lírica moderna» (Sen sinatura, «Propósitos. Escolma da lírica galega», en *El Pueblo Gallego*, 2 xaneiro 1936. Para comprendermos esa valoración, non ha ser inútil estoutro xuízo coetáneo do xornalista e poeta Nieto Pena: «Importa señalar la importancia de este hermoso deseo del Seminario. La poesía medieval galaico-portuguesa constituye el símbolo y el exponente más valioso de la espiritualidad de nuestro pueblo» (Xesús Nieto Pena, «Problemas actuales y literarios», en *El Pueblo Gallego*, 26 xaneiro 1936). Cfr. Anxel Fole, «Antología de la lírica gallega», en *El Pueblo Gallego*, 5 xaneiro 1936.

banda, a iniciativa do Seminario de Estudos Galegos tamén favorecía meritoriamente a posibilidade de coleccionar nun só volume os froitos da fornada dos autores recentes, moitos deles sen libros editados, pero con abundantes poemas espaxados, como sino inevitable, nunha mancha de publicacións xornalísticas.

A fin de levar a cabo esa obra extraordinaria, encargóuselle a responsabilidade de a arranxar a Xosé Filgueira Valverde, daquela director da Sección de Historia da Literatura da entusiasta institución. O primeiro conxunto poético que se daría ó prelo sería o correspondente á poesía contemporánea, e, co obxecto de facilitar a nómina de poetas que o integrasen e de reunir con maior garantía as pezas, decidiuse enviarlles ós escritores elixidos un cuestionario previa sobre aspectos biográficos, bibliográficos e formativos. Moitas das respostas chegaron cumprimentadas con dilixencia de volta ó seu destino, de maneira que, pese a non se rematar o sinalado proxecto a causa dos inminentes acontecementos bélicos fratricidas, na actualidade podemos coñecer por fortuna algunhas das informacións susoditas gracias a que as divulgou en tarefa inestimable Filgueira Valverde³.

Nesa relación de autores consultados, Otero Pedrayo entraba ineludiblemente a facer parte mesturado cos poetas galegos contemporáneos. A comezos de 1936, logo de ser consultado por escrito, devolveu unhas impagables anotacións ó cuestionario que se lle enderazara. Entre elas, estrañamente, sobre a súa suposta obra poética, Otero Pedrayo apuntou entón este asombroso comentario que non pode máis que nos suscitar perplexidade: «Poemas: Ningún. O Seor R.O.P. (Requiescat 'omne' (sic) pacem) di: «'Non sum dignus...' Seu trebo soio é bó pró fuciño da xurenta, non pras beiras en curazón da Musa das Antoloxías»⁴. ¿O seu canto, transmutado en aguda metáfora no trevo, a penas capaz para esa cativa, e rebuldeira, catadura? ¿Habemos crer verdadeiro un testemuño así, a medias insólito e feiteiro, imprevisto e misterioso, que maltrataba os versos propios con ese desenfado non disimulado?

Sexa como for, non resulta laborioso entender nas súas palabras autopoéticas que Otero Pedrayo, con ironía mesurada, rexeitaba incluírse como un dos autores escolmados⁵. Máis aínda, posteriormente, nos anos de posguerra, cando xa amoreaara un importante feixe de poemas nados pouco e pouco e Carballo Calero lle solicite a súa venia para os compilar e os dar xuntos á imprenta, Otero Pedrayo, con aticismo,

3. Para os pormenores do proceso de confección da antoloxía da época contemporánea, vid. Xosé Filgueira Valverde, «Presentación», en Alvaro Cunqueiro, *Aupoética e poesías, 1935*, s.l., Consello da Cultura Galega, 1991, pp. 5-11. O cuestionario dirixiuse aproximadamente a cincuenta poetas e consérvanse case trinta respostas. Filgueira Valverde deu a coñecer o pasado ano os contidos da resposta de Cunqueiro (Vid. Cunqueiro, *op. cit.*, pp. 15-21). No ano 1992 o Consello da Cultura Galega publica as informacións que corresponden ó envío de Fermín Bouza-Brey (Vid. Xosé Filgueira Valverde, *Autopoética 1935*, Homenaxe do Consello da Cultura Galega, Santiago: Consello da Cultura Galega, 1992).

4. Xosé Filgueira Valverde, «Seis inéditos de Otero Pedrayo», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XXXI, nº 93-94-95, 1978-1980, pp. 9-24; a cita procede da páxina 13. Filgueira Valverde divulgou e comentou esa declaración autopoética de Otero Pedrayo noutras ocasións. Vid., así, estes seus traballos: «Autopoética de Otero Pedrayo, 1936», en *V-Adral*, Sada - A Coruña, 1989, pp. 64-70; «A lírica de Otero Pedrayo», en *Con Otero Pedrayo*, Traslaba: Edicións do Patronato Otero Pedrayo, 1990, pp. 45-66.

5. Filgueira Valverde declarou: «Por diante convén dicir que Otero, o meirande dos poetas da xeración «Nós», respondía a tódalas miñas preguntas, con xenerosidade, pero poñía reparos, humildosamente, a que os seus poemas entrasen en florilexio que eu andaba a dispor» («Autopoética...», p. 64).

ha acudir outra volta ó latín na procura de escusa: «Non possumus»⁶. ¿Modestia, vergonza, indolencia... ou, en ambos os latinismos xustificativos, unha imaxinativa chanza lixeira? Antes a Filgueira Valverde e despois a Carballo Calero, difícil faríase preferir un só dos motivos verosímiles que o axudaron a decidir esas contestacións análogas en dous tempos tan distantes. Fronte ó que se poida pensar, sen embargo, convén reter o feito de que desde pronto Otero Pedrayo disfrutou de non escasa sona como poeta, mesmo antes da Guerra Civil e sen publicar ningún libro de poesía, demostrándose, polo tanto, que a chamada para que integrase o catálogo de escritores da *Antoloxía* do Seminario non fora arbitraria nin aleatoria. Nese sentido, non é casual que o xornalista e escritor Johan Carballeira o definira en 1930 con esta imaxe que sitúa o noso autor, cardinalmente, entre o pensamento e a creación poética: «¿Hay algún hombre hoy en Galicia más fervorosamente sangrando en la tierra que Otero Pedrayo? Pensador y poeta, él está enhebrando las mejores jornadas del renacer gallego»⁷. Tampouco é froito da casualidade que o propio Otero Pedrayo, nunha entrevista datada en igual ano, confesara como afeccións literarias máis vehementes o ámbito lírico á par da novela e a lenda⁸. Pola súa vez, Antón Villar Ponte en 1936, ó reseñar a publicación da novela *Devalar*, ha realizar lucidamente o seguinte encomio incontestable da vea poética do escritor: «Otero Pedrayo es un alto poeta cosmogónico que mejor que nadie canta los momentos de la alborada y del crepúsculo, el alma de los caminos y de las sierras, la belleza del otoño, los confines de lo cristiano y lo pagano, vertiendo en los odres de su enxebriismo insuperable la esencia más requintada de la cultura universal»⁹.

Cómpre rexistrarmos, emporiso, que o enorme peso do mesto poligrafismo de Otero Pedrayo comezou, por outro lado, a perturbar temperamente calquera retrato exclusivo da súa obra desde a perspectiva dos xéneros literarios ordinarios. De novo Antón Villar Ponte, naquela altura, ben constatou o vasto alento dunha produción que se mostraba de cada vez máis numerosa e proteica a xerar un universo literario particular e inconfundible:

El autor de *Os camiños da vida*, dando pruebas de admirable proteísmo, abarca todos los géneros literarios, desde la novela, el cuento, la tragedia, el ensayo y el poema, hasta aquellos que ya penetran en el campo de la ciencia por los caminos de la Geografía, la Historia, la Etnografía y la Sociología. En todos pisa con pie firme en terreno seguro. Y por si esto fuera poco, todavía tiene otra faceta interesante: la de orador dilecto dueño de verdadera facundia¹⁰.

6. «Como Otero, ao que semella, non daba importancia aos seus versos, e ás miñas instancias pra que me deixara reunilos nun volume respondéu cun pontificio 'Non possumus', a miña teoría de Otero poeta estaba desamparada de toda conxuntura favorable» (Ricardo Carballo Calero, «Ramón, príncipe de Aquitania», en Varios, *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo: Editorial Galaxia, 1958, pp. 27-45; traballo recollido despois en *Sobre lingua e literatura galega*, Vigo: Editorial Galaxia, 1971, pp. 112-133; a cita está na páxina 132, nota 28).

7. Johan Carballeira, «Intermezzo.- Un cruce con Otero Pedrayo», en *El Pueblo Gallego*, 31 xullo 1930.

8. A entrevista foi realizada polo mesmo J. Carballeira. A unha pregunta súa, Otero Pedrayo responde: «Apasionado por la novela y la leyenda y los líricos. Menos por el teatro. Muy poco por crítica y ensayo» (J. Carballeira, «Panorama intelectual de Otero Pedrayo», en *El Pueblo Gallego*, 2 marzo 1930). Nótese o pouco apego de Otero Pedrayo cara ás obras críticas e ensaísticas, tal vez pola súa minguada creatividade común.

9. Antón Villar Ponte, «Un nuevo libro de Otero Pedrayo», en *El Pueblo Gallego*, 5 xaneiro 1936.

10. Antón Villar Ponte, «Breve inventario de un valor gallego», en *El Pueblo Gallego*, 8 xuño 1930. De tres anos antes data outro artigo de Villar Ponte no que tamén se alude ó poligrafismo de Otero Pedrayo

Otero Pedrayo, daquela, gañara cedo o mérito prestixioso de ser considerado, por riba da actividade parcial nun xénero en solitario, o primeiro escritor que na literatura galega dera en empregar con fecundidade o idioma patrimonial. Estimábase que o facía para se expresar, cunha versatilidade rara, en todas as manifestacións da literatura e do pensamento, e entre elas, claro é, o verso¹¹. Os tercetos do soneto «A Otero Pedraio», que Bouza-Brey lle brindará no libro *Seitura* no ano 1955, insistirían fermosamente nesa idea do creador sabio e vizoso que se exhibe con folgura sobre canto ten que ver coa cerna de Galicia:

Honor da nossa Pátria! Excelso cume!
Outeiro e penedía! Luz e lume,
e rio e mar e val e gêa e frora!...

Canto Galiza loze no seu sêo!
Canto tem de harmonioso em terra e ceo!
Canto nos enaltece e nos decora!¹²

Así a todo, hoxe en día non semella facedeiro trazar o cadro xeral que dea conta congruente da inmensidade e a variedade que entraña a obra de Otero Pedrayo. Talvez a causa haxa que a derivar, en concreto, das tenues fronteiras con que concibiou rotundamente os xéneros literarios na súa vertente de escritor¹³. Desde logo, á marxe da disciplina estreita a calquera precepto, a súa enerxía artística soía revelarse desenfreada e imponente transitando dunha inspiración a outra sen recato. E soamente sendo un en todas as áreas, e asemade en cada unha, da creación literaria e da especulación: o xeógrafo a asomar no oficio do narrador, o poeta filtrándose sen pudor nos diálogos do dramaturgo, o ensaísta sen perder xamais ocasión de se manifestar didáctico ou suxestivo... Malamente se podería mellorar a oportuna imaxe que lle serviu a Marino Dónega referíndose á fartura plural da capacidade de Otero Pedrayo: «E é que á vida e máis á obra oterías acáelles pintiparadamente a coñecida figura do queipo das cereixas: apañas unha e, atrás dela, veñen outras moitas ensarilladas»¹⁴.

como rasgo fundamental da súa actividade literaria (Vid. Antón Villar Ponte, «La importancia de llamarse Ramón», en *El Pueblo Gallego*, 1 decembro 1927).

11. Entre a variedade do seu traballo intelectual, Otero Pedrayo prefería a obra narrativa e non deixaba de proclamarse, antes ca nada, novelista. Xa preto da morte, así llo confesaba a Víctor F. Freixanes: «No meío de todo eso que vostede di eu debín ser narrador, nada máis que narrador, un bo narrador..., pero naquel intre, cando tan poucas cousas tiñamos, había que facelo todo: viaxar, botar discursos, escribir nos xornáis, estudar xeografía, etimoloxía, historia da nosa terra, que estaba sin escribir. O que de ningunha maneira se podía era estar calados e quedos por que o tempo, xa daquela, loitaba contra de nós» (Víctor F. Freixanes, «Ramón Otero Pedrayo, memoria de todas as cousas», en *Unha ducia de galegos*, 3ª edición, Vigo: Editorial Galaxia, 1982, pp. 15-38; a cita aparece na páxina 25).

12. Fermín Bouza-Brey, *Obra literaria completa*, Santiago: Edicións do Cerne, 1980, p. 124.

13. Carballo Calero definiu con brillantez esa poligráfica personalidade literaria de Otero Pedrayo: «Realmente non coñece a especialización nun xénero literario. Vitalmente, temperamentalmente, nega a delimitación rigurosa dos xéneros literarios. É o tipo de escritor dispoñíbel para calquer empresa, preparado para a literatura en xeral, que pode abordar calquer xénero e mesturalos todos» (Ricardo Carballo Calero, «*Os camiños da vida*, por Ramón Otero Pedrayo», en *Grial*, nº 52, abril-maio-xuño 1976, pp. 259-260; está a cita na páxina 259).

14. Marino Dónega, «Carta a Carlos Casares», en Carlos Casares, *Otero Pedrayo*, Vigo: Editorial Galaxia, 1981, p. 114.

Filgueira Valverde chamoulle «literato total» con toda a xustiza, por mor da connoción que promovía ó achegarse a cada xénero para o transgredir nos seus lindes e para, téñase en conta, o dourar con tinxiduras de lirismo¹⁵. E Ramiro Fonte, nunha liña explicativa parella, describiuno á busca da arte absoluta máis alá de límites regrados, facendo converxer certa heteroxeneidade vocacional, común ós seus compañeiros de promoción intelectual en *Nós*, xunto cunha profunda vontade creativa de xinea romántica¹⁶. En todo o caso, case ben se determinaríase que nas interferencias xenéricas que asolagan con opulencia a escritura de Otero Pedrayo dominan, coa maior forza, a elucubración da intelixencia e o rexistro lírico. Non andaba desacertada, á fin, aquela imaxe súa, combinación de pensamento e poesía, coa que Johan Carballeira o significara de modo impresionista en 1930, cando o camiño inexorable do seu traballo polifacético xa o levaba a albiscar moi preto o cumio da fertilidade literaria.

De irmos ó caso da obra narrativa de Otero Pedrayo, a través da súa amplitude veremos que, por suposto, é accesible atopar suficientes indicios dunha eminente vocación ensaística, mais, sen dúbida, tamén tantas ou máis pegadas de descomedido lirismo. Un dos achados críticos de maior interese, precisamente, que nos deixou a riola de abondosos e penetrantes estudos que se consagraron á literatura de Otero Pedrayo no seu ano de homenaxe, ó longo de 1988, procede de comentar certas narracións súas coa axuda do concepto de «novela lírica»¹⁷. Tanto Ricardo Gullón como Darío Villanueva, en dúas excepcionais contribucións, acomodaron cabalmente os presupostos teóricos desa modalidade novelística ó exame da

15. «Temos dito de Castelao que era un 'artista total', pola súa capacidade para o cultivo das máis variadas formas da creación estética. Do mesmo xeito, poderíamos falar de Otero Pedrayo como o 'literato total', e non sómentes pola habelencia na enteira gama de xéneros e formas, senón tamén por saber creba-los seus lindes e porque transmutaba en lírica canto acadaba coas súas verbas» (Filgueira Valverde, «A lírica ...», p. 45). Cfr. Carlos Baliñas, «Os estilos de don Ramón», en *Grial*, nº 52, abril-maio-xuño 1976, pp. 159-183; «Otero Pedrayo, intelectual», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XXXI, nº 93-94-95, 1978-1980, pp. 25-94.

16. «O certo é que en toda a obra de Otero Pedrayo gravita a busca da obra de arte total e os xéneros van esluíndo as súas fronteiras que era, como saberedes, propósito fundamental do movemento artístico que deu orixe á nosa modernidade. Referímonos ós Romantismos que, arredor de mil oitocentos, inauguraron esa modernidade histórica na que Otero se instala dun xeito nítido e sobre a que nós, hoxe en día, seguimos a reflexionar. A obra de Otero pode ser explicada, polo tanto, como un labor multidisciplinar, feito sumamente consubstancial ás arelas dos seus compañeiros de xeración ou como unha unánime dirección que se dirixe á procura desa obra total que entra e sae dos xéneros, que os mestura, que rompe as súas fronteiras en beneficio do seu xeneroso verbo ou do saber absoluto» (Ramiro Fonte, «Os poetas de Otero», en Anxo Tarrío, coord., *Actas do Simposio Internacional «Otero Pedrayo no panorama literario do século XX»*, A Coruña: Consello da Cultura Galega, 1990, pp. 39-45; aparece a cita na páxina 39). A fisionomía romántica de Otero Pedrayo fora ben subliñada, principalmente na súa tendencia ó lirismo, por Ramón Piñeiro (Vid. Ramón Piñeiro, «Carta a Leonor e Francisco da Cunha Leño (Sobre a personalidade e a obra de Otero Pedrayo)», en Varios, *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo: Editorial Galaxia, 1958, pp. 183-198). Hai pouco tempo M. Ríos Panisse trazou, na senda do citado traballo de Ramón Piñeiro, un novo deseño da presenza de signos románticos na obra narrativa de Otero Pedrayo en evidencia da súa modernidade (Vid. M. Ríos Panisse «Romanticismo e modernismo en Otero Pedrayo», en *Dorna*, nº 19, xullo 1992, pp. 73-82).

17. A formulación teórica dese concepto crítico débese a R. Freedman, o seu divulgador no ámbito anglosaxón (Vid. Ralph Freedman, *La novela lírica (Hermann Hesse, André Gide y Virginia Woolf)*, Barcelona: Barral Editores, 1972). Correspóndelle a R. Gullón o mérito de afondar na mesma teorización en España (Vid. Ricardo Gullón, *La novela lírica*, Madrid: Ediciones Cátedra, 1984). Pola súa vez, D. Villanueva é autor dunha pequena suma de esclarecedoras páxinas que serven de limiar a unha recompilación de diversos artigos sobre este subxénero novelístico (Vid. Darío Villanueva, «Prólogo», en *La novela lírica, I*, Madrid: Taurus, 1983, pp. 9-23).

narrativa de Otero Pedrayo¹⁸. É rastrexable, ademais, o emprego atinado do mesmo soporte crítico nun excelente traballo de Anxo Tarrío, vinculándoo á influencia no seu sistema intelectual do pensamento irracionalista do filósofo francés Henri Bergson¹⁹. En certa maneira, todo iso permitiu vencer unha delimitación dos xéneros literarios demasiado estricta, que se fincaba en analizar confusamente, segundo hábitos tradicionais, algunhas obras oterianas inscritas con decisión nas fileiras da modernidade fronte ós cimentos da novela realista de liñaxe decimonónica.

Ben que no presente o confín da «novela lírica» sexa aínda pouco nidio, en non moitas palabras pódese acordar que se trata dunha entidade literaria que xustapón, nunha mesma obra, atributos esenciais da novela e a poesía. Aparece nesta casta de narracións unha nova sensibilidade que alberga unha táctica diferente de reflectir a realidade esteticamente, lonxe de facer crónicos os rasgos frecuentes en cada un dos xéneros convencionais. De tal xeito, na «novela lírica» as fórmulas narrativas rexuvenecen, dado que o propósito é enmendar a clásica exposición das historias de sempre, as vellas formas de apreender a obxectividade. A súa concepción fai reconcentrar o interese en temas e asuntos consabidos por séculos de legado literario, pero o esmero co que se debruzan nesas obras os autores obriga a pensarmos, sen reticencias, sobre unha natureza distinta para elas. Consecuentemente, o peculiar seu abrolla sobre todo na minuciosidade da expresión, a cal se mostra solícita arreo co escrupuloso significado dos movementos, na transcendencia do sentimento e mais na magnitude da auto-reflexión. É de notar que na «novela lírica», como precisou Gullón, «la intriga importa poco, los hechos apenas son estímulos provocativos de las reacciones que se complace en examinar»²⁰. O valioso da mensaxe, en verdade, transpórtase desde os incidentes argumentais á íntima figura do emisor, que de contado manifestará a súa presenza, quer oculta, quer desvelada, en cada páxina da ficción.

Esa sorte de novelar aquecía perfectamente ó xenio creador de Otero Pedrayo, quen soubo tirar dela o mellor proveito nun bo número das súas novelas. Por exemplo, moito se ten reparado na súa elección de lle dar a *Arredor de si*²¹ esa singular cualidade novelística que hoxe nos atorda. A Adrián Solovio, o desafortunado protagonista, pouco é o que lle ocorre, mínimas se presentan as peripecias que vive. Carece dunha vida exterior que lle modifique o carácter encarnado ó primeiro e xustifique, máis logo, a metamorfose final nun home convencido nos principios do galeguismo. O episódico a penas ten lugar na historia da novela, reducido case a un

18. Vid. Ricardo Gullón, «Relacións intertextuais en *Arredor de si*», en Anxo Tarrío, coord., *Actas do Simposio...*, pp. 201-214; Darío Villanueva, «A renovación do realismo novelístico», en Anxo Tarrío, coord., *Actas do Simposio...*, pp. 137-153.

19. Vid. Anxo Tarrío, «Otero Pedrayo e a renovación da novela no século XX», en *Otero Pedrayo na Revista Nós: 1920-1936 (Escolma)*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1988, pp. 25-46. Na opinión de A. Tarrío, «existe un elemento no entramado intelectual de Otero Pedrayo que debeu influír de xeito decisivo, nun intre dado, non só na súa práctica literaria senón ademais no seu comportamento xeral na sociedade e, cousa moi importante, na súa evolución ideolóxica dentro do galeguismo. Refírome á asunción, por parte del, do pensamento bergsonian no tocante á importancia que o filósofo francés concedeu á intuición como método de coñecemento e conseguinte consideración do tempo realmente vivido, é dicir, da 'durée' como xeito íntimo que o home ten de medi-lo tempo e de senti-la vida» (pp. 27-28).

Sobre as conexións entre Bergson e Otero Pedrayo, aínda, vid. Nieves Herrero, «Ramón Otero Pedrayo e Henri Bergson: Notas para unha filosofía galega», en *Agora*, nº 2, 1982, pp. 174-182.

20. Gullón, *La novela...*, p. 27.

21. Ramón Otero Pedrayo, *Arredor de sí*, A Coruña: Nós, 1930.

mero esqueleto ante a ausencia de longos e substanciosos lances. Todos os problemas se crean e se resolven no intelecto do personaxe, sen conceder a máis pequena oportunidade á lisa e lóxica explicación dun conflito trivial²². Parécenos que levan razón os que sosteñen verbo desta obra unha acción eminentemente desenvolvida na interioridade do protagonista. e cabo, ¿que temos diante nosa co ensimesmado percorrido escultador de Adrián Solovio?²³.

Poida que a resposta se cifre en *Arredor de si* ser unha novela que tronza os cánones acostumados da narración e, por conseguinte, logra dar co feito adecuado para detallar a crise vital e ideolóxica do seu irresoluto personaxe. Nese labor, sen lugar ó engano, Otero Pedrayo valeuse dunha solución artística que ten moito de «novela lírica». Porque tanto na estrutura e a intención como no desenvolvemento, e ata no estilo, discérnese en *Arredor de si* un conxunto de rexistros, de índole renovada, obedientes a ese subxénero narrativo. Conforme a iso, aínda que a voz central corresponda á dun narrador heterodiexético en terceira persoa, ¿como interpretarmos o manexo maioritario, a salferir a obra, dunha omnisciencia selectiva que busca decote a transfiguración lírica por medio da ollada discursiva de Adrián Solovio? Efectivamente, a fasquía dese heroe novelesco subxectiviza todo o que o rodea ó punto de se elevar a centro narrativo: carrega o tema, vincula os episodios diversos da feble trama, envolve o relato, secasí, na atmosfera vacilante que predomina ata o instante definitivo da feliz conversión²⁴. ¿E que pensarmos de *Arredor de si* constituír un fresco de impresións espalladas polas súas páxinas, desprazando o fundamento desde a acción ás emocións que ó protagonista lle suxiren as realidades arremuiñadas coas que vai topando?²⁵. De certo, Adrián Solovio vén ser a peneira á que se suxeitan todos os acontecementos que compoñen a novela, ó modo de

22. Cabe considerarmos paradigmática a seguinte opinión de C. Casares: «Como novela, *Arredor de si* é un relato sen acción. Cáseque todo canto nela ocorre desenrólase na cabeza do seu protagonista» (Carlos Casares, *Otero Pedrayo*, Vigo: Editorial Galaxia, 1981, p. 110). Certo é que en *Arredor de si*, igual que na «novela lírica» en xeral, o episódico está soamente ó servizo dun «eu» básico que lle concede motivación, tema e unidade ó resultado narrativo.

23. Advirtase que mesmo se chegou a dudar da natureza novelística da obra: «*Arredor de si* é, inda mellor que novela, un 'libriño de notas', fundamental pra o coñecimento de Otero Pedrayo, da xeneración 'Nós' e máis de Galicia e da súa cultura. Relato de arrecendo decimonónico, pero cheo de actualidade no seu europeísmo de raigaña rexional. Unha prosa garrida, sonora, afervoada» (X. A. Fernández Roca, «Algunhas anotacións pra un estudo crítico de *Arredor de si*», en *Grial*, nº 52, abril-maio-xuño 1976, pp. 249-257; está a cita na páxina 257). Notouse ás veces coma un defecto a indocilidade narrativa de Otero Pedrayo. É significativo que iso xa se percibise nas primeiras lecturas dalgunhas novelas súas, tal como se infire no seguinte comentario de A. Fole nunha recensión de *O mesón dos ermos*: «El estilo de Otero Pedrayo, siempre tan colorido y frondoso, alcanza en este libro calidades supremas. Porque, quizás, asome aquí cierta voluntad de reflexión y disciplina que, sin dañar su espontaneidad, darían el máximo rendimiento al arte de Otero Pedrayo. Al leer sus obras tenemos la impresión de ingresar en una selva encantada, que en tal convierte su prosa el ímpetu florido de su pluma barroca» (Anxel Fole, «*O mesón dos ermos*», en *El Pueblo Gallego*, 10 maio 1936).

24. Véxase a apreciación de D. Villanueva a este respecto: «Mas en la novela lírica no importa tanto - como, por exemplo, en la picaresca - que el narrador y héroe nos cuente los hechos de su vida cuanto que en vez de presentarnos, como Lázaro, como Guzmán, la lucha titánica entre su yo y el mundo nos lo ofrezca fundidos. Así el yo genera una secuencia de imágenes deformadoras de la realidad al tiempo que se consolida y toma conciencia de sí mismo. El protagonista es creador del universo narrado en el que aparece inserto; el sujeto y el objeto se identifican y el yo narrativo desempeña la misma función que el yo lírico de la poesía en verso» (Villanueva, «Prólogo», en *La novela...*, pp. 13-14). A reflexión de D. Villanueva vai referida a un eu-protagonista, pero polo que levamos visto tamén se podería aplicar á narración impersoal.

25. Afirmar R. Gullón sobre esta característica da «novela lírica»: «La textura de la novela lírica, su espacio verbal, hormiguea de sensaciones multiformes donde lo impalpable se hace palpable. Esquivo momento de percepción, tan fugaz y deslumbrante como el relámpago: una luz se apaga, una flor cae, un sabor

percepcións só útiles como fitos da aprendizaxe dunha personalidade anguriada. Por último, ¿que alegamos a ese estilo tan particular da prosa de *Arredor de si*, cristalizado na constante ruptura do discurso, que antepón teimosamente a ilación verbal paratáctica? Diríase que transparente, ó menos, o afán de non ficar na adoitada reprodución mimética da realidade, abríndose á fondura do pensamento de Adrián Solovio cunha linguaxe dispоста con orixinalidade de acordo coas esixencias da ficción.

Existe, polo demais, un pormenor que é tamén valedeiro para afiliar *Arredor de si* ós principios teóricos da «novela lírica». Referímonos ó pasmoso azo biografista desta obra de Otero Pedrayo, posto que se ten por indiscutido que a intensidade confidencial nunha narración tende a constituír un sinal notorio de confluencia entre poesía e novela²⁶. A propósito de *Arredor de si*, xa a partir da famosa reseña que dela fixo Vicente Risco en «Nós, os inadaptados»²⁷, véñse frisando que aí a confesión vital e ideolóxica de Otero Pedrayo esvarou fluída e ricaz²⁸. Numerosas coincidencias referendarían de modo inequívoco a non moita distancia entre Adrián Solovio, fidedigno ‘alter ego’, e quen lle deu virtualidade literaria²⁹. Pois ben, cunha importancia superior á da simple anécdota, causa abraio comprobar que o itinerario xeográfico e sentimental que o personaxe realiza por espazos españois e europeos, desde León a Toledo, desde París a Bruxelas, cadra con abonda exactitude, quizais non azarosa, coas viaxes de Otero Pedrayo na mocidade³⁰. Certifícao claramente esta completa revelación persoal de 1930, o ano en que se publica a novela que comentamos:

Conozco Galicia, es decir, empiezo a conocerla. Quisiera guardar todos sus horizontes posibles. El Norte de Portugal. Muy bien Madrid. Catorce

devuelve al pasado..., apenas nada; nada que en potencia es todo y se desvanece al contacto de los dedos que intentan retenerlo, de la pluma que quiere preservarlo. Evocación, sería la palabra, y evocar el verbo, (...)» (Gullón, *La novela...*, p. 20).

26. Vid. Henri Bonnet, *Roman et Poésie*, Paris: Librairie Nizet, 1951, pp. 67-68. R. Gullón non pasou por alto este trazo primordial da «novela lírica» cando, con mestría absoluta, se achegou ó comentario da obra narrativa de Otero Pedrayo: «Si quero dicir que a novela lírica é poesía, poesía creativa, poesía de creación nunha das súas formas máis insinuantes, nunha das súas formas máis delicadas e máis atraíntes. Recordarei tamén que o propio do lirismo é a confidencia e que, naturalmente, temos que busca-lo aspecto confidencial nunha novela para poder afirmar que estamos diante dunha novela lírica. Se non hai confidencia, non hai lirismo» (Gullón, «Relacións intertextuais...», pp. 201-202).

27. Vicente Risco, «Nós, os inadaptados», en *Nós*, ano XV, nº 115, Día de Galicia de 1933, pp. 115-123.

28. O carácter autobiográfico persoal e xeracional de *Arredor de si* ben o evidenciou V. Risco nesta pasaxe tan sabida: «*Arredor de sí*, mais qu'unha novela, é a autobiografía non d'un soilo home, senón d'un agrupamento, case d'unha geración. É a autobiografía do cenáculo do autor ao qu'eu pertencín tamén. Pol-o seu mesmo individualismo, pol-o seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andivo tod' o tempo dando voltas arredor de si -e cada un arredor de si mesmo- sen atoparse endejamais de todo» (Risco, «Nós...», p. 122).

29. Por exemplo, Fernández Roca identificou os vínculos entre o protagonista e o autor empírico en *Arredor de si* pese a engadir, por outra parte, algunha reserva por Otero Pedrayo así os bosquexar: «O único tipo sólido é o protagonista, inda que o novelista non afonde nos recunchos da súa psicoloxía. Por outra banda, no tratamento da figura de Adrián, atopamos un desacerto evidente: o persoaxe exprésase demasiado; os seus motivos, dúbidas e pensamentos están sobexamente xustificados e didácticamente interpretados; ás veces, o libro parece un ensaio biográfico encol de un home de carne e oso (en certo xeito é así: un ensaio de Otero Pedrayo encol de Otero Pedrayo)» (Fernández Roca, «Algunhas anotacións...», p. 255).

30. *Arredor dos percorridos viaxeiros xuvenís de Otero Pedrayo*, vid. con preferencia Francisco Fernández del Riego, *O Señor da Casa Grande de Cima de Vila*, Trasalba: Edicións do Patronato Otero Pedrayo, 1988, pp. 37-43 e pp. 81-82; Xosé Ramón Quintana; Marcos Valcárcel, *Ramón Otero Pedrayo (Vida, obra e pensamento)*, Vigo: Ir Indo Edicións, 1988, pp. 18-19.

inviernos: paisajes de traperos en la carretera de Extremadura, con el primer sol en las cúpulas; enormes noches limitadas por ladridos de perros en los solares hoy edificadas. Catorce primaveras en los árboles del jardín de Allendesalazar que se asoman a la biblioteca del Ateneo; infinitas amistades; vida ociosa, sin nervio, con mucha curiosidad imparcial y gozosa: ni jesuita ni institución; sólo una agudización de conciencia en los otoños gallegos. El coro de las ciudades castellanas. Toledo: treinta viajes con noches a la luna de la Vega. Burgos, olor de buen pan. Palencia, mercado de Campos. La aguda ojiva de Ávila. Alcalá, donde todo está cerrado. León, aún mojado, de arroyos cántabros. Y la infantina Aranjuez y el granito azul del Escorial. Todo el chafalán del norte desde el castillo de Fuentarrabía al prado urbano de Oviedo.

Bayonne, Burdeos la elocuente. París -rue Grenelle, jardín de plantas con el viejo cedro de De Jussieu, museo Guimet. Bruselas, Brujas, Gante, Ostende.

En la adolescencia un viaje en barco de carga por el mar del Norte, tocando en Amberes, Rotterdam y algún puerto inglés cuyo nombre no recuerdo. Niebla, olas, lluvia, cervecerías ahumadas; un caos sólo ordenado en los grandes muelles desiertos en la noche³¹.

Na nosa curta exploración, serviunos *Arredor de si* a fin de comprendermos que Otero Pedrayo, á parte de ategar xenerosamente a súa prosa cunha capacidade case conxénita para a metáfora³², ben se decantou pola superposición do poético no narrativo con estratexias naturais da «novela lírica». Intuímos que a través dunha análise máis demorada *Escrito na néboa*³³ ou *Fra Venero*³⁴, e mesmamente algunha outra obra, transixirían senllas calas de similar traza. Con respecto a *Fra Venero*, por exemplo, móstrase abofé moi ilustrativa unha reseña coeva escrita por Fernández del Riego, na que se insinúa, con admirable precocidade, o elevado ton lírico que Otero Pedrayo imprimiu á recreación da figura e a obra de Zacarías Werner, o seu protagonista:

Arquiteitura rexa do recordo, a historia é principalmente vida. Pero a máis do mapa histórico, xurde a seguido na imaxinación do intérprete unha silueta

31. Carballeira, «Panorama intelectual...».

32. «En xeral, a ollada de Otero transforma ou transfigura o mundo en que se apousa. Por elo, a versión que do mestre nos da, caracterízase pola frecuencia e riqueza das imaxes. O mundo de Otero é, pois, de ordinario, un mundo transportado mediante o ascensor da imaxe-comparanza, metáfora- a un plano ideal no que a realidade se refrexa con eliminación dos rasgos impertinentes e con acentuación dos pertinentes segundo a captación ou aprensión formal da mesma realidade polo escritor, que prefire a estilización á reprodución fotográfica» (Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, 2ª edición, Vigo: Editorial Galaxia, 1975, p. 680). A esa prodixiosa capacidade metaforizadora de Otero Pedrayo tamén se ten referido puntualmente C. Baliñas: «Eis, precisamente, o que me parece nota característica de cómo Otero vivenciaba o seu mundo, aínda aparte de cando xa redactaba en renglóns curtos. Da súa pluma, igual que dos seus beizos, a realidade safa metaforizada, convertible, polivalente, poliesente, tal como a coor dunha das nosas Rías ao longo dun día con alternancia de nubens e claros. Cada cousa chíscaleso o ollo como decíndonos: 'Paréceche que son eu? Pois mira como non son'. E non o é. Incansable sementador de metáforas, á semellanza dun ilusionista, era capaz de sacar do seu colo e ir ceibando polo mundo mancheas de metáforas hasta deixalo todo enfariñado con un brillo de ambigüidades e sinestesias. Por unha boa metáfora non dubidaba sacrificar calquera exactitude, sin dúbida confiando en que o contexto permitiría decatarse da figura literaria» (Baliñas, «Os estilos...», p. 178).

33. Ramón Otero Pedrayo, *Escrito na néboa*, A Coruña: Lar, 1927.

34. Ramón Otero Pedrayo, *Fra Venero*, Santiago: Nós, 1934.

aparte. Unha pura pantasma. Nista pura pantasma vitalizada pol-a forza da eispresión literaria e a gracia e o ambiente que poda arrodeala, atópase o quid do paisaxe descriptivo da época que pasou. ¿Matinados nalgún novelador de biografías? En efecto, Ramón Otero Pedrayo foi pol-o camiño, ategado de tremores de craridade, da figura e da obra de Zacarías Werner. Sin abandonar a roita de andanzas do insiñe dramaturgo e, ao mesmo tempo, o significado poético da súa vida, acarón do poeta-músico Hoffmann e de Hitzig. Entrambos ao traveso da andanza interpretativa do versor. E aquí en mutuo cortello. (...).

Otero Pedrayo descubriu moitos segredos. A misión dun bô novelista romántico, de forte imaxinación, non podía contentarse con menos de asomar ao segredo dises segredos, escondido na ialma dun humán autor. Iste libro do ilustre novelista ourensán danos unha sensación de ampla sinfonía poemática. A un caprichoso pulo do corazón de Zacarías Werner, corresponde no intérprete un senso dos motivos que o promoveu. A vida bohemia, poética, sensual, a loita, a malencunía, aparecen e alternan na esgrevia vida con ritmo, cuio compaso coñece, porque o inventou, o novelista³⁵.

Doadamente se aprecia, en resumo, que a arte de novelar de Otero Pedrayo se axitou con prodigalidade entre a narración e o lirismo, unha noción que, por outra banda, non se podería ostentar como novidosa se falarmos do escritor de Trasalba, tan propenso ó fenómeno da interrelación xenérica dos seus textos. E, non embargante, como un increíble paradoxo, ¿que aconteceu cos versos que de seguro escribiu? Supomos que non habería reparos en admitir que Otero Pedrayo se entregou ó exercicio da poesía desde o comezo da súa carreira literaria, xa que o proba, e existirían máis exemplos enumerables, a peza «A serra da Martiñá», publicada en *A Nosa Terra* en 1925³⁶. En realidade, sería un suceso incomprendible que unha personalidade de tan dilatado ánimo lírico non se aviñese a utilizar a canle do verso para destilar sen estorbos a súa esencia máis íntima. Non obstante, semella sintomático o feito de que Otero Pedrayo, amais de pór algunha resistencia a intervir pouco antes da Guerra Civil na mostra antolóxica promovida polo Seminario de Estudos Galegos, non quixese por aqueles anos inserir poesía súa na revista *Nós*³⁷,

35. Francisco Fernández del Riego, «*Fra Vernero*», en *El Pueblo Gallego*, 12 decembro 1934.

36. Ramón Otero Pedrayo, «A serra da Martiñá», en *A Nosa Terra*, ano IX, nº 218, 1 novembro 1925. Outros poemas sobranceiros de Otero Pedrayo publicados en revistas antes da Guerra Civil son «Cantiga das tres Marías», aparecido en xaneiro de 1933 no número 7 de *Cristal*, e a tradución do soneto de Charles Baudelaire «A Iyonne Pen-Moor», inserido en febreiro de 1935 no número 9 de *Resol*. Tamén é necesario citar os catro sonetos que Otero Pedrayo publicou na revista portuguesa *O Soneto Neo-Latino* entre os anos 1929 e 1932: «Betula fidelis», «Canción d' outono», «Balada d' outono» e «Na coba [sic] de Rosalía» (Vid. Xesús Alonso Montero, «Otero Pedrayo, sonetista 'neo-latino'», en *Galaxia*, Boletín nº 3, xaneiro-febreiro-marzo 1988). Na inmediata posguerra, salíéntase o poema «Sete estanzas», que se publicou no periódico *El Correo Gallego* o 25 de xullo de 1941.

37. Ténselle atribuído a Otero Pedrayo a autoría do poema «O pelingrino», aparecido no número 38 de *Nós* coa asinatura ó pé «R.». En realidade é un poema de Vicente Risco, oculto canda a súa publicación na revista ourensá baixo esa inicial. Despois, «O pelingrino» foi recollido, en agosto de 1929, no número 151 da revista montevideana *Galicia*. Fernández del Riego reproducíuno atinadamente como sendo de Risco (Vid. Francisco Fernández del Riego, *Vicente Risco. Escolma de textos*, A Coruña, Publicacións da Real Academia Gallega, 1981, pp. 23-24). Por outro lado, Otero Pedrayo si publicou en *Nós* algunha tradución de poetas estranxeiros (Vid., por exemplo, Georges Chenneviere, «Pamir», en *Nós*, ano XI, nº 70, 15 outubro 1929, pp. 163-170).

a mellor vía editorial que lle acaería se concibise entón o propósito de difundir con profusión. No futuro, con motivo do volume de homenaxe que edita Galaxia en 1958 honrando o septuaxésimo aniversario do seu nacemento, non menos digno de atención ha ser o detalle de que se ignore no apartado bibliográfico calquera referencia á súa poesía, tal como se xamais se houbera inclinado a profundar no xénero³⁸.

No mes de outubro dese mesmo ano propiamente, cando saía do prelo a breve colectánea de poesías *Bocarribeira*³⁹, aínda se haberá producir a estrea pública, cunha obra enteira, do estro poético dun Otero Pedrayo xa a roldar os setenta anos. Era un acontecemento excepcional de veras que os seus editores, os mozos galegos estudantes en Madrid do grupo Brais Pinto, saudaban cun fervor sincero que zumegaba na lapela do libro coa lamentación de que tanto se fixese agardar un título de poesía de Otero Pedrayo⁴⁰. *Bocarribeira*, subtulado non ó chou *Poemas pra ler e queimar* polo seu creador⁴¹, reunía un feixe de pouco máis de sesenta curtas composicións, as cales pincelaban nun conxunto colmado de fonda vitalidade variados cadros da paisaxe da ribeira do Miño e da montaña. Asíñábase o volume en Traslba dos Chaos en tempo de Nadal e Reis no tránsito de 1955 a 1956, e comportaba unha feliz xuntanza de escintilacións poéticas dun escenario xeográfico que lle era ben amado a Otero Pedrayo. Con todo, no canto dunha colección circunstancial de poemas illados, hai que ter presente que *Bocarribeira* viña modelar integramente unha colección compacta, imposible de escindir, tal vez enxendrada de primeiras na súa unidade temática e estilística⁴².

38. Cfr. «Libros e outros traballos publicados por Don Ramón Otero Pedrayo», en VV.AA., *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo: Editorial Galaxia, 1958, pp. 325-341. Sen ser plenamente exhaustivo, neste compendio bibliográfico contéñense preto de mil títulos da obra novelística, teatral, xeográfica e histórica, xornalística e ensaística de Otero Pedrayo.

39. Ramón Otero Pedrayo, *Bocarribeira (Poemas pra ler e queimar)*, Madrid: Brais Pinto, 1958.

40. Escríbbase na lapela de *Bocarribeira*: «Por fin sae á luz o tan agardado libro de poesía de Ramón Otero Pedrayo. *Bocarribeira*, aparte do extraordinario valor histórico-literario que posee, é un libro transido de reverente emoción cósmica, que se expresa ca homildade, franciscanismo case, de un home que camiñou abondo por todos os países da cultura, e que recala, ao fin, no porto de augas tersas da ausoluta sinxeleza. *Bocarribeira* é un libro imprescindíbel á hora de valorar a poesía galega do século XX». Méndez Ferrín, un dos membros destacados de Brais Pinto, explicou a xénese da edición de *Bocarribeira*: «Escribinlle unha carta dicíndolle que mandase as poesías inéditas e, ó cabo dun tempo, contestoume que as tiña todas ciscadas, pero que García Sabell tiña un caderniño seu de versíños, de cántigas que a ver se servían. Pedínlle a García Sabell e tiven que volverlle o orixinal, ¡non sei para que o quería! O caso é que lle publicamos estas poesías de Otero e así saíu *Bocarribeira*» (Xosé M. Salgado; Xoan-M. Casado, *X.L. Méndez Ferrín*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1989, p. 96). Fernández Ferreiro, outro membro importante de Brais Pinto, tamén relatou o suceso da aparición de *Bocarribeira*: «Hai agora trinta anos -tiña el setenta- que a colección «Brais Pinto» de Madrid, fundada por un grupo de rapaces galegos aquel mesmo ano, publicou o primeiro libro de poemas de Ramón Otero Pedrayo. (...) O pequeno libro saíu á rúa no mes de outono, coincidindo coa presenza de don Ramón na capital de España, pois tomaba parte nos actos conmemorativos do centenario do casamento en dita cidade de Manuel Murguía e Rosalía de Castro que organizara o Centro Galego» (Xosé Fernández Ferreiro, «Traslba, verde lús, tristeira fror», en *La Voz de Galicia*, «Cuaderno de Cultura», nº 356, 3 marzo 1988).

41. B. Losada reparou na probable ironía que Otero Pedrayo utilizou nese engadido ó título do libro: «E Otero Pedrayo púñalle ó libro, como subtítulo, 'Versos pra ler e queimar'. Para queimar, desde logo non. Para ler, sí; unha e outra vez ata calar no celme emocionado destas visíóns paisaxísticas condensadas, convertidas ás veces en pouco máis que unha exclamación» (Basilio Losada, «Un poeta por descubrir», en VV.AA., *A sombra imensa de Otero Pedrayo*, Extra nº 8 de *A Nosa Terra*, 1987, pp. 47-48; a cita inclúese na páxina 47).

42. Vid. Losada, «Un poeta...», p. 48.

Non cabe negar que nese momento *Bocarribeira* subministrou ós lectores un admirable prototipo do labor poético de Otero Pedrayo. Mais, pese a iso, ficaba sen engavelar mentres a maior porción dos seus versos, sobre todo aqueles que foran agromando con pulo autónomo de isoladas inspiracións repentinas en anos e anos de dedicación á poesía. Dérase a coñecer, en 1955, unha pequena mostra do que facer de Otero Pedrayo neste eido mercé á grande achega de Fernández del Riego coa *Escolma de poesía galega IV. Os Contemporáneos*⁴³. Nesa obra cobraban outra vez vida dez poemas esquecidos seus, dos cales catro se publicaran previamente en revistas e outro no libro *Pelerinaxes*⁴⁴, en tanto que os cinco restantes se incorporaban á antoloxía en calidade de inéditos. «Domingo de outono», «Nouturnio», «O quinqué de petróleo»⁴⁵, «Pan galego», «O xamón», «Ao lonxe», «O camiño vello de Pousada», «O corazón na man», «A casa soia» e «Noite compostelán», fillos de cadansúa suxestión, engadíanse alumadores á parella de poemas «Pedro Madruga» e «Compostela» que pouco antes escolmara Varela Jácome⁴⁶. Amais diso, manaba da devandita edición de Fernández del Riego posiblemente a primeira reivindicación pública sobre a urxencia de ordenar a obra en verso do autor de *Os camiños da vida*, disgregada e soterrada en tantos recantos impenetrables. En efecto, Carballo Calero, responsable dunha breve, aínda que luminosa, poética oteriana que se adxuntaba ó xeito de limiar crítico ós dez poemas citados, requiría sen ambaxes a realización desa tarefa para así valer á xenuína apreciación de Otero Pedrayo como poeta. En apoio da súa demanda, presaxiaba xacando o benemérito investigador que o resultado desa recompilación felizmente habería entregarnos «un volume-ciño que sorprendería a moitos i engaiolaría a todos»⁴⁷.

Teríase de esperar, aciaamente, dous decenios ata que a revista *Grial* difundise outros versos para nos internarmos máis por extenso na poesía de Otero Pedrayo⁴⁸.

43. Francisco Fernández del Riego, *Escolma de poesía galega IV. Os Contemporáneos*, Vigo: Editorial Galaxia, 1955, pp. 69-80. B. Losada atribúe a responsabilidade na elección dos poemas ó propio Otero Pedrayo: «Os poemas recollidos na *Escolma* veñen ser á maneira dunha antoloxía que supoño escolmada polo propio Otero entre o que mellor lle parecía da súa obra lírica» (Losada, «Un poeta...», p. 48). Máis adiante, Fernández del Riego volverá editar os poemas «Nouturnio», «O xamón», «O camiño vello de Pousada», «Ao lonxe» e «A casa soia» (Vid. *Poesía galega. Do dezanove aos continuadores*, Vigo: Editorial Galaxia, 1976, pp. 277-284).

44. Trátase do coñecido poema «O xamón», de gran fama pois non en van conta coa auréola de estar co número 74 no volume de X. Alonso Montero, *Os cen mellores poemas da lingua galega*, Lugo: Edicións Celta, 1974. Otero Pedrayo compúxoo no Hotel Palas de Monterroso, logo dunha cea farturenta e memorable, durante a andaina de peregrinación desde Ourense a San Andrés de Teixido que realizou xunto con Vicente Risco e Ben-Cho-Shey no mes de xullo de 1926 (Vid. Ramón Otero Pedrayo, *Pelerinaxes (Itinerario d'Ourense ao San Andrés de Teixido)*, A Coruña: Nós, 1929, pp. 62-66). Obxecto de moitos comentarios e semblanzas, sobre o poema «O xamón» pódense consultar os traballos seguintes: Euxenio Montes, «*Pelerinaxes* (C'un saúdo pro Otero Pedrayo)», en *El Pueblo Gallego*, 20 agosto 1930; Luís Seoane, «*Pelerinaxes*», en *Comunicacións mesturadas*, Vigo: Editorial Galaxia, 1973, pp. 37-40; Julieta Gómes Paz, «Ramón Otero Pedrayo, poeta», en *Galicia y la poesía*, Sada - A Coruña: Edicións do Castro, 1988, pp. 45-52; Domingo Prieto Alonso, «Un aspecto métrico da poética de Otero Pedrayo», en *A Nosa Terra*, n° 371, 19 xaneiro 1989, p. 16.

45. Vid. Claudio Rodríguez Fer, «Otero Pedrayo á luz de 'O quinqué de petróleo'», en Anxo Tarrío, coord., *Actas do Simposio...*, pp. 47-62; despois reeditado no seu libro *Poesía galega (Crítica e metodoloxía)*, Vigo: Edicións Xerais, 1989, pp. 395-412. Trátase dunha detida e perspicaz análise deste poema de Otero Pedrayo.

46. Benito Varela Jácome, *Poetas gallegos (Las mejores poesías)*, Santiago de Compostela: Porto y Cía. Editores, 1953, pp. 388-390.

47. Ricardo Carballo Calero, «Poética», en Fernández del Riego, *Escolma...*, pp. 69-70; está a cita na páxina 70.

48. Ramón Otero Pedrayo, «Poemas inéditos», en *Grial*, n° 52, abril-maio-xuño 1976, pp. 207-216.

A seguir foron acrecentando o reducido 'corpus' editado as preciosas achegas, en noticias sucesivas, de Filgueira Valverde⁴⁹, que rescataban para sempre poemas acantoados en vellas publicacións inabordables ou en arquivos persoais de arduo acceso. Tamén se debe salientar o laudable esforzo coleccionador de Alonso Montero⁵⁰, por canto el se vén ocupando desde hai algún tempo no proxecto plausible de editar exhaustivamente a totalidade da poesía oteriana, máis copiosa, ó parecer, do que se presupuña en principio e se repetía a miúdo como tópico indiscutido. É de rigor recoñecerlles arestora a ambos, nas súas senllas contribucións, o trafeo constante por tornaren públicos os froitos da vocación versificadora do polígrafo ourensán⁵¹.

Así, pois, faise indubitable que Otero Pedrayo xamais renunciou a ceder ante o estímulo da poesía como un medio de se enunciar literariamente. Pero cómpre anotarmos, á vez, que o destino desapiadado dos seus poemas eran case sempre revistas, xornais e publicacións perecedoiras, cando non o circuíto reducido da privacidade entre os amigos en maneira de compromisos, agasallos e dedicatorias⁵². Por iso, sen admitirmos que Otero Pedrayo actuara con desleixo ou displicencia cara ó seu traballo como poeta, hase determinar que o meirande lastre para o aquilatar-mos con fondura nesa actividade provén da dispersión en que está sumida a súa produción lírica. Esa conxuntura adversa provoca unha notable dificultade á hora de encarmos unha lectura pracenteira e, en paralelo, volve complexa en exceso, ata o punto de a desaconsellar, calquera tentativa de análise global que se pretenda satisfactoria. A final de contas, non deixa de ser un triste contratempo, merecente de ser superado inexcusablemente con presteza, que a dimensión lírica de quen escribiu *Bocarribeira* non se poida dar ratificado co achegamento asequible ós seus outros poemas.

Por casualidade, hai un tempo demos en vellos e consumidos exemplares de *El Pueblo Gallego* con dous poemas oterianos anteriores á Guerra Civil, «Natal» e «Ourense, craro río, verde val», que sinxelamente cativan pola súa singular impronta. Nese xornal vigués, propiedade de Manuel Portela Valladares desde 1927, viñan colaborando con abonda constancia durante os anos vinte e trinta firmas ilustres do pensamento e da creación literaria en Galicia⁵³. O voceiro periodístico das Irmandades da Fala, *A Nosa Terra*, chega por esa razón a encomiar a traxectoria que observaba con exemplaridade *El Pueblo Gallego*, declarando nun comentario editorial coevo que «nas suas páxinas modernas e ben ourentadas aparecen a cotío

49. Vid. Filgueira Valverde, «Seis inéditos...», pp. 16-19; «A lírica...», pp. 51 e ss. En ambos os traballos son reproducidos ou citados varios poemas inéditos ou esquecidos de Otero Pedrayo.

50. Vid. Alonso Montero, «Otero Pedrayo, sonetista...».

51. A esa preocupación común por dar á publicidade os versos de Otero Pedrayo tense referido Filgueira Valverde: «Alonso Montero, que anda a dispor unha edición, e mais eu, para as miñas leccións, temos apañado un centenar longo e intercambiamonos inéditos» (Filgueira Valverde, «A lírica...», p. 47).

52. Moitos son os poemas que Otero Pedrayo escribiu como ofrendas ós amigos. Citemos, como mostras, a epístola latina dirixida en 1939 a Filgueira Valverde con motivo do nacemento da súa primeira filla ou a improvisación poética que tamén lle enviou como salutación de Nadal en 1943 (Vid. Filgueira Valverde, «Seis inéditos...», pp. 16-19). Tamén constitúe unha mostra excelente, malia fuxir da privacidade ó publicarse en 1946 no número 1 da revista santiaguesa *Xelmírez*, o poema «Compostela», que Otero Pedrayo dirixiu a Fermín Bouza-Brey en agosto de 1945 cun exemplar da súa *Guía de Galicia* (Vid. Fermín Bouza-Brey, *Obra literaria...*, p. 170).

53. Vid. César Antonio Molina, *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo: Edicións Xerais, 1989, pp. 231-240.

artigos en galego encol de arte, ciencia, filosofía e demais problemas serios que atañen â nosa cultura e aos problemas de intrés para Galicia»⁵⁴. Canto ó que pertence agora á nosa curiosidade, un cálculo apresurado depara que nos seus números Otero Pedrayo publicou de 1926 ata 1936 a considerable cantidade de case trescentos artigos de asuntos diversísimos, a maioría nunha sección, en épocas de periodicidade diaria, que levaba como cabeceira o rótulo «Prosas galegas»⁵⁵. Non ten de sorprender, xa que logo, que nas mesmas páxinas de *El Pueblo Gallego* se desen a coñecer os dous poemas anteditos de Otero Pedrayo, que, no que nós alcanzamos, nunca máis vimos novamente reproducidos.

O intitulado «Natal» apareceu a finais de 1926 na primeira plana do periódico, ben enmarcado a unha columna no espacio central⁵⁶. Trátase dunha peza con tintes trágicos, de mediana extensión, que insinúa como móbil a celebración das festas natalicias segundo reza o propio título. Pola data temperá, sitúase no alboraxar da carreira literaria de Otero Pedrayo sendo se cadra un dos seus primeiros poemas éditos. Velaquí a versión orixinal do texto, respectadas fielmente a ortografía e a puntuación:

Sopro xiado de fera nordesía
salaya longamente n-outeirál,
salfire as follas murchas do arboredo
e canta un «Dies irae» que pôn medo,
n-o mouro piñeiral.

.....

Percorre o grande vento a lonxanía.
¿Quén són aquiles bultos misteirosos?
O albiscálos un vello cán ouveia...
Ván baixando a costíña car-aldeia.
Ván fébles, cánsos, tristes, bretemosos.

.....

Un-a serpe refunga i-asubía
(a vos do vento tolo) no lugar.
Os extranxeiros petan n-unha porta
y-a rapaciña que chegaba da horta
afoga o seu cantar.

.....

54. Sen sinatura, «Ao decorrel-os días», en *A Nosa Terra*, nº 236, 1 xuño 1927, p. 1.

55. Vid. Carlos Baliñas, ed., Ramón Otero Pedrayo, *Parladoiro (Artigos)*, Vigo: Editorial Galaxia, 1973; Aurora Marco, ed., Ramón Otero Pedrayo, *Prosa miúda. Artigos non coleccionados (1927-1934)*, Sada - A Coruña: Ediciós do Castro, 1988. Nestes dous volumes reeditáronse moitos dos artigos de Otero Pedrayo en *El Pueblo Gallego*, o medio xornalístico no que con seguridade se prodigaron máis as súas colaboracións na prensa. Vid. sobre a actividade periodística, en xeral, de Otero Pedrayo, Xosé Aurelio Carracedo, «Otero Pedrayo, xornalista», en Varios, *A sombra imensa de Otero Pedrayo*, Extra nº 8 de *A Nosa Terra*, 1987, pp. 16-19.

56. Ramón Otero Pedrayo, «Natal», en *El Pueblo Gallego*, 31 decembro 1926. Figura o título «Natal» no canto de «Natal», pero a pequena alteración debeu ser unha errata que se produciu no xornal ó transcribiren o texto os linotipistas.

Conoceu-nos! A xente campesía
sabe ás somas ollar.
Son a Morte i-a Fame; na lareira
acenden caladiños a fogueira
pr-os hósos se quentar.

.....

Reina un vasto salayo na campía
no invernizo sôl-por.
N-hai herba nin patacas, pán nin millo.
Non hai cartas d-Habana, pois o fillo
ó chán perdeu o amor.

.....

N-as cidades latrica a letanía
de «Colón español».
Rebrincan cupletistas. O tendeiro
pensando no balance de Xaneiro
raña a panza de fól.

.....

Sopro xiado de brava nordesía
salouca medoñenta n-outeirál,
salfire as murchas follas do arboredo
e fai un «Dies irae» que pón medo,
no celta piñeirál.

Desde o punto de vista métrico, son trinta e cinco versos agrupados en sete quintetos, con acentuación oxítona polo xeral nas posicións segunda e quinta. Otero Pedrayo dispón hendecasílabos e heptasílabos dunha maneira irregular, posto que os dous metros se distribúen sen unha orde fixa en cada estrofa. Temos, así, que na primeira, terceira e sétima a sucesión de catro hendecasílabos remata cun heptasílabo. Por contra, nas estrofas cuarta, quinta e sexta, amais do derradeiro, hai outro verso de sete sílabas colocado uniformemente no segundo lugar. É excepcional no poema a segunda estrofa, a cal só consta de hendecasílabos. Con respecto á rima, aparece a disposición A B(b) C C B(b) iterada sen cambios ata o final, un esquema no que chama a atención que o verso primeiro permaneza solto.

Na súa totalidade, «Natal» confirma certos lugares comúns da literatura de Otero Pedrayo, pero propón tamén alicientes en relación á súa obra en verso divulgada. O poema principia cun sostido empuxe impresionista, non exento de tons románticos⁵⁷, que debuxa o escenario arcano e sombrizo ó que se refiren os versos iniciais. Na tétrica compañía do vento impetuoso que sopra do norte, a propiciar un decorado vivo de invernia, ata se expresa a presenza ameazante dun «Dies irae» funesto e apocalíptico. Como símbolo fatal, agoireiro, represéntase un vento que acada unha importancia preponderante, case protagonista, dirixindo cos seus sons a ordenación

57. Cfr. Ramón Otero Pedrayo, «Notas encol da paisaxe romántica», en *Nós*, ano IX, nº 38, 15 febreiro 1927, pp. 8-10; *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da Terra*, Santiago: Editorial Nós, 1931.

dos demais elementos da natureza⁵⁸. Esa apertura que se demora gustosamente na descrición minuciosa da paisaxe, interpretada en verdade con actividade humana de seu⁵⁹, ben permite lembrar con coincidencias palmarias outros versos de Otero Pedrayo:

A noite mainamente xurde dos outeirales
enchendo medoñenta os mouros piñeirales
(«Nouturnio»)

Ao lonxe...
Ao lonxe sóa o piñeiral resbado
por as errantes aas da nordesía
(«Ao lonxe»)

Serra da Martiñá, baruda serra
esquiva nai da nordesía ouveante
(«A serra da Martiñá»)

Un requiescat canta o vento
nos alciprestes sombrisos,
doorido como un lamento
(«Cantiga das tres Marías»)

A neboeira, a neboeira... Os piñeirales
soñan cegos e pechos na priguiza
da mañán cristaíña xa outoniza
que se fire nos pinchos dos toxales
(«Balada d'outono»)

58. Non foron poucos os ensaios en que Otero Pedrayo meditou sobre a arbitrase do vento na dinamización da paisaxe. É posible facer referencia, entre eles, o seu «Ensaio encol do estilo da Paisaxe», en *Nós*, ano XV, nº 113, 17 maio 1933, pp. 84-90. Neste breve artigo, Otero Pedrayo escribiu: «O vento esperta romores adoitados á cada especie de resistenzas que atopa no seu camiño. Nos chaos espallados dos montes funga monótono, aviva as coores da chaira, vibra o morno locir dos illós encorados pol-a choiva ou criados pol-a neve, máis nos píncaros e penedías brua ecoando nos buracos e nas fentas que fl traballou no cerne duro da roca manexando contra ela as molladas de choiva como picos e cinceles. Na larganza da serra o vento asubía ceibe, nos arboredos adóitase á maneira de cada un: romor unánime dos mestos piñeirales que recollen, alongan, istromentan en fuga o fuxir do vento. Coro de voces individualizadas da carballeira; vibrar das outas ponlas, resistencia dos troncos bariles conguidos pol-o chicoteo custante, romor das follas murchas guindadas ás moreas. O vento descobre novos elementos na paisaxe, pol-a vista, ás veces, pouco apreciados. O ouvido educado precisa o pasar do vento pol-a roca, e a súa loita con algún testemuño de vida apenas enxergábele. Un cativo carballizo nado na fenta da penedía esgrevia garda no seo do inverno follateiras murchas e tercas que responden ao vento con ruxido furioso de vida que se defende. O vento dá particular coor ás paisaxes como vibrando á lus do sol que as envolve faguéndoas máis craras, decorrentes, o vento en cada tipo de Paisaxe eisalta a lei fisiognómica esenzal e seu són é difrente ñando a tona loira das centeciras graves de espigas, alongando o estrelar enxoiito dos mestos milleirales maduros, salferindo os bosques outonizos. Sheleey no pulo ceibe do romantismo inglés cantou o vento do W., o vento atrántico. Pois cada vento ten a súa vos particular, e os ouvidos exercitados distinguen o N.L. por exemplo, do soán, xa nos primeiros empuxes dos paquetes de ar botados adiante, e cada vento, ó choutar súpeto, ó monótono bater, ostenta seu tema que en compañía ca coor do ceo, a figura e o pasar das nubens, a reacción da coor dos hourizontes, figura fador esenzal na paisaxe dinámica» (p. 89).

59. «Pois tratándose da Galiza, ¿quen porá os marcos entre o home e a terra? A concéncea galega, como a chuvía atránteca, de tal xeito amoleceu a esgrevieza das cousas que istas chegaron a revestire semellanzas de concéncea humán» (Ramón Otero Pedrayo, «*Vagalumes*. Versos galegos por Cabada Sánchez», en *El Pueblo Gallego*, 26 febreiro 1931).

O poema transcorre de seguido con pulso cadencioso. Mais axiña unha interrogación súbita apela á receptividade do lector, suscitándolle a intriga sobre unhas figuras recónditas que comezan a enxergarse na lonxanía. O tenebrismo dos primeiros versos refórzase agora cos ouveos alertadores dun can, ó tempo que o zoar tolo da nordesía se metaforiza dramaticamente no asubío dunha serpe. Igual que se se mudase a focalización desde unha panorámica ampla a un plano medio, aquelas figuras, caracterizadas de vez cunha cadea cuatrimembre de adxectivos, un recurso estilístico moi do gusto de Otero Pedrayo, aproxímanse silandeiras e arrepiantes contra a soleira dunha cativa casa campesiña. Creouse de vagar un adecuado marco climático que rebenta nun intre cunha exclamación. A unha nena, como testemuña angustiada, concérnelle identificar a fantasmal aparición personificada da Morte e a Fame. A escaseza familiar e o afastamento do fillo emigrado determinan un contrapunto terrible á alegre abastanza do Nadal. Mentres tanto, na vida das cidades, entre as brincas das cupletistas, ándase ás voltas neciamente a reclamar a españolidade de Colón, e o tendeiro, retratado con comicidade nunha imaxe degradante que recorda o don Celidonio risquiano de *O porco de pé*⁶⁰, bota contas do opulento lucro da súa actividade mercantil. O poema conclúe circularmente, pechando os versos finais o cadro medorento do comezo, xa que o paralelismo que establecen a primeira estrofa e a postrema a penas se modifica en puntuais substitucións sinonímicas.

Xulgaríase excesivo atribuír calquera empeño cívico ou social a este poema de Otero Pedrayo. É innegable, en troques, que aquí atopamos a repetición dalgunhas constantes temáticas que poboan a xeneralidade da súa obra. A carón da representación animada da paisaxe, neste caso coa intención de amosar figuradamente o nefasto desenlace que se ha producir, destaca o contraste que asoma entre o mundo rural, transtornado polo devalo indixente duns labregos anónimos, e o mundo urbano, onde se dá a entender sen panos quentes que dominan a lixeireza patrioteira, a ledicia intranscendente e os aires perturbadores que emanan da tiranía economicista dos comerciantes⁶¹. «Natal», emporiso, non deixa de translucir un certo compromiso solidario. Os seus versos chegan a espertar a conciencia, nalgúns pasos incontrovertiblemente, con pingas de aceda crítica fronte a unhas circunstancias de absoluta penuria. Non outra lectura esixen as alusións conmovedoras á miseria material do humilde fogar campesiño, á emigración do fillo que se arredou definitivamente, ó ambiente frívolo da cidade e ó afán pecuniario do tendeiro.

60. Mesmo que xurda obvia a similitude entrambos os personaxes, é máis virulenta a prosopografía de don Celidonio: «Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánsele un pouco para baixo» (Vicente Risco, *O porco de pé (e outras narracións)*, Vigo: Editorial Galaxia, 1982, p. 9).

61. Aínda que pertencente a un contexto histórico ulterior, durante os días da República, non ha estar de máis traer a colación o seguinte comentario de Otero Pedrayo: «Nos cafés o parvo dominó e o couceado framenco. Os ollos debullando colunas de ordinaria prosa centralista nos xornaes mantidos co fanado imperialismo hispánico, cómodo e fofa diván de casino pras priguizas, cocido de garabanzos de chumbo, gulapo de peleón. Señoritos dispostos a se axionllar diante o pirmeiro ídolo que traía as botas lixadas co esterco da corte do coartel ou na man un chicote e a Gaceta. Os cregos moi sadisfeitos ca herexía de ser chamados funcionarios públicos collendo a esmola dos brasfemos sentados no poder, incensando aos fariseus que prestan ao dez por cen. Un ódeo pechado, irracional, fernandino, nas loitas dos partidos e na relación social, un ódeo non visto na Galiza dende os tempos de lobos e facciosos da primeira guerra calrista. A aldea enlamada, máis que por as choivas, por o exemplo porco da vila. Isto é Galiza arestora ao pirmeiro ollar» (Ramón Otero Pedrayo, «A cerdeira froida», en *El Pueblo Gallego*, 12 abril 1934).

Con natureza moi diferente a «Natal», así como na súa cronoloxía máis tardío, xórdenos o segundo poema que anunciamos. Sen título, aínda que ben podería disfrutar dese privilexio o primeiro verso «Ourense, craro río, verde val», viu a luz en *El Pueblo Gallego* no mes de maio de 1932 agochado nunha esquina na que non sería estraño que pasase inadvertido⁶². Baixo o epígrafe «Versos de Otero Pedrayo», incluíuse nun caderniño especial de cinco páxinas brindado á cidade ourensá canda as súas festas do Corpus Christi, onde ademais se contiña unha pequena prosa de Vicente Risco intitulada «Reiseñores d'Ourense»⁶³. Eis literalmente o poema segundo se publicou entón:

Ourense, craro río, verde val.
Leda vendima, céltigos outeiros,
xardís fidalgos, eido petruceal.
Soar de piñeiros.

.....

Erbedelo sombrizo, outa Santa Mariña,
Cudeiro asoellado, a Loña lavandeira,
Canedo traficante, Seixalbo boa viña.
Coto e ribeira.

.....

Boa raza, conteste, agasalleira.
Razón seréa, na paseón laural.
Intelixenza de Feixóo, senlleira.
Verso de Carvaxal.

.....

Xentil mañá das ruas. Latexar
da estrela da serán no ceo malva.
Deitar de fontes no ensoño luar.
Toque de alba.

.....

62. Ramón Otero Pedrayo, «Ourense, craro río, verde val», en *El Pueblo Gallego*, 26 de maio de 1932.

63. Velaquí esa curta colaboración de V. Risco: «Hai aínda n-Ourense moitas cousas que lle poden gustar a un. Ourense non está aínda afundido de feito na modernidade; nono asulagou de todo o tempo, com'a Troya e a Mycenas. Mais de todo o qu' aínda ten, o mais fermoso pode que sexan os ruiseñores. Apesares de qu'eiquí, en lugar de ser precurado o verde dos arbres, hortas e xardís, é mais ben desbotado e afuxentado; apesares de non se veren xa tanto nas nosas rúas, novas ou velhas, as polas verdegantes asomando por riba das paredes, pois o afán d'erguer casa de pisos pr'alugar vailles comendo a terra, aínda hai reiseñores n-Ourense. Tantos e tan consumados mestres na súa arte, coma ha ser raro atopar n-outra vila moderna. Eu non lembro arestora s' alguén ten feito notar enantes iste luxo natural da nosa cibdade, e teño por seguro que non ha aparecer nos papeis do turismo. O que sei é qu'Ourense, qu'o millor que ten, apesares dos cafés con artistas e dominó, son as noites -oferce tanto pra o forasteiro coma pra o fillo do pueblo e pra o graxo da Burga- dende que n-il s'acomoda xa d'asento a primaveira, e coma pra nos consolar das cupletistas, a cántiga noitébrega dos reiseñores que en cada recanto ond'un xardín pervive, orientalizan as nosas noites con poemas de Hafiz a d'Omar Khayyan».

Pelouriño, as Mercedes, a Barreira,
Prazas do Ferro, a Maor, e do Torrón,
Cruz do Pantirgo, Porta da Eira.
Vella canción.

.....

Santo Cristo na capela dourada
veu do mar consoarnos da dôr,
cantalle o reiseñor deica a luzada.
Cristo d' amor.

.....

Ponte román, lei, latino,
anel das bodas do Miño,
iris de pedra o arco fino.
Camiño.

.....

A Burga, materna lareira,
quenta o espírito cibdadán.
Néboa ardente, tecedeira.
De ensoño levian.

.....

Ourense, ouro. Corazón.
Espranza, bondade, tesouro.
De amor, agarimo, canción.
Ourense, ouro.

A composición consta de trinta e seis versos, que se dividen en nove estrofas rimadas con consonancia conforme ó esquema fixo A B A b. A desigualdade no cómputo silábico é case total, dado que como versos de arte maior se contabilizan alexandrinos na segunda estrofa, decasílabos na oitava e hendecasílabos polirrítmicos nas restantes, mentres que como versos de arte menor, malia a elevada frecuencia de heptasílabos, hai así mesmo pentasílabos dactílicos e un trisílabo clausurando a sétima estrofa. A resultas diso, é admisible decidir que a pluralidade métrica lle confire a «Ourense, craro río, verde val» unha arquitectura alicerzada en constantes mudanzas do ritmo. Otero Pedrayo regula os matices coa alternancia de diferentes liñas melódicas, e non só por causa do uso de varios tipos acentuais, senón tamén por recorrer na elección dos versos a medidas desemellantes, desde tres ata catorce sílabas. Tal vez por este motivo prevalece a nivel sintáctico a cohesión asindética no desenvolvemento verbal, substituíndo á cómoda harmonía o contraste consciente verso a verso. Parece como se se preferise crear no estreito espacio do poema a mesma vida a latexar, cos seus vaivéns espontáneos, en vez de acudir ó estatismo dunha estampa paisaxística inxel.

Non é traballosa observar que «Ourense, craro río, verde val» evoca afagadoramente un entrañable roteiro xeográfico, económico e humano de Ourense e dos seus inmediatos arredores⁶⁴. A parte do poeta, por suposto, o Otero Pedrayo historiador e xeógrafo agroman sen disfraz descifrando, por un lado, as claves fisionómicas da paisaxe ourensá e estendendo, por outro, diversas noticias culturais que lle outorgan ó poema unha leviá tonalidade ensaística. Encontrámonos ante máis unha demostración neta de como Otero Pedrayo participaba do degoiro de franquear con liberdade as ríxidas extremas dos xéneros literarios. En efecto, «Ourense, craro río, verde val» admitiría ser confrontado, sen grandes discrepancias fóra do seu propio selo poético, con outros anacos de producións oterianas de carácter máis marcadamente científico ou divulgativo con referencia a Ourense. Sería de forza recordar, por exemplo, algunhas páxinas de *Las ciudades gallegas*⁶⁵, onde se acolle unha breve descripción da cidade nos seus trazos histórico-xeográficos, ou a meticulosa e amplísima síntese que se encerra na monumental *Guía de Galicia*⁶⁶, ademais doutras realizacións do mesmo tipo que levou a cabo Otero Pedrayo en varias oportunidades⁶⁷. Sen embargo, poida que a obra coa que máis limpamente entronca este poema sexa a súa novela *Adolescencia*⁶⁸, un relato de evidente rastro autobiográfico en que o Ourense de fins do século XIX logra o papel de co-protagonista á beira do adolescente José Ramón, un moi aproximado e insinuativo trasunto do escritor⁶⁹. No seu capítulo primeiro, o arrinque argumental xa leva a este personaxe a ascender ata a altura dominadora de Montealegre na amigable compañía doutros rapaces, para divisaren amorosamente desde alí a paisaxe auriense:

Subían, se ordenaban en claros perfiles, en juego armonioso de formas de resaltes y hondonadas los linderos del horizonte, los paisajes de pródiga y matizada belleza de los valles que afluyen lentamente al poderoso fluir del Miño curvado en generosos meandros. José Ramón sentía en su carne joven, en los anhelos de su espíritu, una como gradual purificación según ascendía con sus amigos hacia la grave asamblea de rocas y pinos de Montealegre. La fúlgida y delicada rosa de la tarde desplegaba sus pétalos de luz sobre el paisaje. De las dulces colinas, de las viejas viñas, de los caseríos dispersos se elevaban los humos azules, puros, como de sacrificio litúrgico, de los clásicos ‘magostos’ orensanos del día de San Martín.

El grupo se instaló al amparo de unos grandes peñascos entre los troncos rectos de los pinos. Santiago dirigió las operaciones preliminares con pericia

64. Un lustro antes da data de «Ourense, craro río, verde val», Bouza-Brey escribira un poema de brillante exaltación da cidade, baixo o título «Canto a Ourense», co que gañou o primeiro premio nun certame de poesía galega celebrado en Ourense con motivo das festas do Corpus. Vid. *Vida Gallega*, ano XIX, nº 345, 30 xuño 1927, onde foi publicado por primeira vez o poema.

65. Vid. Ramón Otero Pedrayo, *Las ciudades gallegas*, Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1951, pp. 20-26.

66. Vid. Ramón Otero Pedrayo, *Guía de Galicia*, 5ª ed., Vigo: Editorial Galaxia, 1980, pp. 335-367.

67. Ramón Otero Pedrayo, *Ourense*, Ourense: Caja de Ahorros Provincial, 1966; *Ourense*, Madrid - León: Editorial Everest, 1969; *Ourense*, Santiago: Bibliófilos Gallegos, 1973.

68. Ramón Otero Pedrayo, *Adolescencia*, Buenos Aires: Editorial Nova, 1944. Empregamos a reedición realizada nun volume único xunto con *La vocación de Adrián Silva* pola Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa» en 1988.

69. No transcurso da novela compróbase que os escenarios proceden do Ourense finisecular, aquel lugar «pequeneiro, ledó, falangeiro, fantástico» (Ramón Otero pedrayo, *Historia de un neno*, Trasalba: Patronato R. Otero Pedrayo, 1979, p. 29).

labriega. Pronto del montón de aromáticas ‘froumas’ y secas ‘carqueixas’ se alzó crepitante la llama azul, roja, blanca, de mil lenguas y sonos. Otros magostos se encendían en el monte. Corría el vino nuevo, volaban las canciones. Pero José Ramón conquistado por el hechizo penetrante de la hora y la misteriosa y profunda significación del otoño no atendía a las conversaciones ni gustaba del fruto severo y parco de los viejos sotos. Con todas sus potencias y sentidos se prendía a la sugestión del paisaje de Orense⁷⁰.

Esa sensación de feitizo que invade a José Ramón perante a visión da cidade, categórica e subxugante desde o miradoiro que fornece Montealegre, é a mesma que se transmite en «Ourense, craro río, verde val». O poema comeza cunha estrofa inaugural que define con concisas notas a face espiritual de Ourense a vista de paxaro. De contado, a súa expansión descritiva se encamiña extramuros con perfecta gradación xeográfica cara ó retrato do solar da cidade, e iso a través dun mosaico repleto de suxestións no que despuntan a presenza humana da intelixencia do Padre Feijóo⁷¹ e da poesía de Valentín Lamas Carvajal, sobranceados como emblemas da tradición cultural e artística propia. En equilibrados versos bímembres indícase, a perfilar os contornos ourensáns, a xuntanza de montaña e ribeira: polo norte, as abas de Cudeiro e o negociante Canedo, outrora municipio independente; no leste, a aldea de Lonia e a atalaia de Santa Mariña do Monte; no sur, as videiras de Seixalbo; e polo oeste, as sombras das costas de Ervedelo. No marco urbano engádense, como ilustracións diseminadas da esencia da Auria ancestral, a rúa do Pelouriño e a Porta da Aira, e as prazas e praciñas históricas das Mercedes, do Ferro, Maior, do Torrón, do Trigo e da Barreira. A hora de nomear eses enclaves insignes do patrimonio urbano de Ourense, débese advertir o detalle de que Otero Pedrayo, quen nacera no segundo andar do número 25 da rúa dos Zapateiros, logo rúa de Vergara e hoxe rúa da Paz, conserve as designacións devanceiras das vías e dos paseos da vila, sen dar opción ó uso dos novos nomes que as substituíron a mediados do século XIX⁷². Despois prosegue o poema cos tres símbolos máis preeminentes da cidade en cadansúa estrofa: a capela do Santo Cristo da catedral de San Martiño⁷³, a vella ponte

70. Otero Pedrayo, *Adolescencia*, p. 12.

71. O Padre Feijoo recibiu desde cedo a atención admirativa e estudiosa de Otero Pedrayo, tal como acredita, por exemplo, o seu artigo «A saudade do P. Mestre», publicado en *El Pueblo Gallego* o 23 de outubro de 1934. Trinta anos despois, Otero Pedrayo gañaría o primeiro premio do concurso convocado en Ourense para traballos de investigación sobre o sabio beneditino coa grandiosa obra *El Padre Feijóo. Su vida, doctrina e influencias*, editada en 1972 polo Instituto de Estudos Orensanos «Padre Feijóo».

72. Na descrición da cidade ourensá, en moitos casos a *Guía de Galicia* ofrece sistematicamente as correspondencias entre os vellos e os novos nomes das rúas, laiándose Otero Pedrayo, por certo, de que se produciran tales modificacións: «Debe advertirse que un absurdo viento de moda hizo desaparecer, a mediados del siglo pasado, los viejos y expresivos nombres» (*Guía...*, p. 343).

73. En torno á lenda que envolve ó Santo Cristo ourensán, Otero Pedrayo a penas se alonga na súa narración. Trátase, polo demais, dun motivo temático que Bouza-Brey tamén aproveitara no seu poema antes citado dedicado a Ourense, aínda que con matices lixeiramente diferentes vinculados ó tópico na súa poesía da nostalgia da infancia:

¡Cristo atlánteco vido de Fisterre,
ouh meu Cristo de Ourense, grande amigo
deixa tamén que adooido berre:
Ti que sabes os males de que peno,
e conoces os sonos que persigo,
gárdame o corazón sempre así neno
para vivir de cote á par contigo!

romana co seu arco central seiscentista e os manantiais de auga quente das Burgas⁷⁴. Finalmente, unha outra definición xeral de Ourense se consigna nos versos derradeiros, agora aínda máis emotiva e agarimosa se couber con respecto á que abría o poema, que descobre con franqueza o forte sentimento de identificación vital, como unha especie de pacto afectivo, do escritor coa súa cidade de nacencia.

Está ben de ver que en «Ourense, craro río, verde val» os topónimos posúen unha vigorosa contextura sonora que os fai conseguir, gracias ó seu engado eufónico patente, profunda relevancia poética. Por este motivo, mesmo se afirmaría que eles chegan a soste como elementos referenciais de importancia o eixo vertebrador da estrutura do poema⁷⁵. Véxase se non, para o corroborar sen máis adiamento, que no verso pentasilabo que redondea a quinta estrofa, entre todas a máis declaradamente inzada de citas do nomenclátor das rúas ourensás, Otero Pedrayo lles chama ós topónimos de modo espidido, vibrante e cordial «vella canción». É dicir, partitura de anciáns sons que axudan a facer memoria do onte de Ourense, a contemplar con ollos nostálxicos unha poboación que de repente estaba a mudar a súa antiga aparencia duradeira de sempre⁷⁶. Desde unha perspectiva interpretativa, ademais, resulta obrigado apuntar que Otero Pedrayo non facilita aquí unha pintoresca guía turística, ora fría, ora convencional, tal como en principio se podería deducir por mor da intrínseca natureza propagandística con que se concebiu a peza. Recórdese, neste

74. Sobre os tres símbolos ourensás dixera Otero Pedrayo en *Las ciudades gallegas*: «Una página de la Galicia de Murguía figura entre las excelentes sobre la ciudad cuya triple dedicación al sentimiento de lo inmortal, al suelo y al camino se expresa en el Sto. Cristo, las Burgas y el Puente» (Otero Pedrayo, *Las ciudades...*, p. 20). Tamén mereceron unha especificación minuciosa e entrañable na novela *Adolescencia*: «De las 'tres cosas' de Orense el barrio del Norte posee con la catedral el Sto. Cristo, pero el del Sur es dueño celoso y apasionado de Las Burgas, en cuyas aguas cálidas y transparentes, brotadas con risa jovial de linfas, tuvo la ciudad su bautismo histórico. La puente en realidad íntegramente ourensana sin vecindad en uno u otro barrio ya que hasta hace pocos años la ciudad no llegaba a ella y permanecía alejada en el paisaje plantada sobre sus anchos pies romanos sobre el fluir del río, como un gigantesco San Cristóbal, encargada de pasar en los brazos de su arco espléndido a viajeros, recuas, diligencias y trajinantes ante la vigilante mirada amorosa de Nuestra Señora de los Remedios» (Otero pedrayo, *Adolescencia*, p. 20).

75. A fortaleza estética da toponimia na poesía de Otero Pedrayo acrisolouse con posterioridade en *Bocarribeira* (Cfr. Xosé Ramón Pena, «O poeta de Nós», en Anxo Tarrío, coord., *Actas do Simposio...*, pp. 27-37).

76. «Orense aún expresa en su plano el tipo de un núcleo antiguo, movilizadado por la calle moderna, la vía del tráfico y la atracción del puente y de la estación del ferrocarril. Desde fines del XIX, la ciudad se lanzó hacia el Miño en doble sistema de vías, hoy casi cubiertas de caserío: unas longitudinales y llanas hacia el Norte, otras en cuesta, transversales» (Otero Pedrayo, *Guía...*, p. 349). José Ramón, o protagonista de *Adolescencia*, así mesmo asiste con señardade ás mudanzas que estaba a sufrir a imaxe máis tradicional de Ourense: «Entretanto, con un agudo y constante sentimiento de provisionalidad acrecido por el largo viento de la primavera naciente, aun batido en las forjas de grises y aceros del invierno, José Ramón, sin quererlo, imaginaba las estancias elegíacas del poema de despedidas del antiguo Orense. A principios de siglo murieron los viejos y nobles viñedos del contorno y se inició una época clara pero triste, de nuevas construcciones en la ciudad. Dejaba ésta rotos en girones sus mantos barrocos y perfilaba con claro y triste sentido de una nueva realidad su primera osatura moderna. En este agudo percibir de actualidad transitoria entre dos épocas sería demasiado nostálgico emplear el tiempo verbal del pasado. Pues el presente ancla por algunos instantes al espíritu en la realidad de la ilusión más amada cuanto más inmediata a su desfallecer» (Otero Pedrayo, *Adolescencia*, pp. 79-80). X. R. Quintana e M. Valcárcel describiron, nos seus cambios de máis alcance, o recordo do carácter daquel Ourense en evolución que asistiu ó nacemento de Otero Pedrayo: «Era aquel un Ourense provinciano, con menos de quince mil habitantes, adicados preferentemente ó comercio e ó sector servicios e dependentes, en grande medida aínda, do mundo rural circundante; a cidade ía medrando ós poucos e, na segunda metade do dezanove, fanse importantes obras que melloran as comunicacións co exterior, fundamentalmente o trazado da primeira estrada importante, a de Villacastín a Vigo, que crearía ó seu paso por Ourense a rúa do Progreso, e, xa en 1881, a inauguración do ferrocarril Ourense-Vigo, que fixo medrar a cidade progresivamente, especialmente pola banda norte, coñecida hoxe como barrio da Ponte» (Quintana/Valcárcel, *Ramón Otero Pedrayo...*, pp. 15-16).

sentido, que non é descartable que «Ourense, craro río, verde val» tivese unha xénese circunstancial, pois acaso foi escrito expresamente para vir á luz da publicidade no caderniño que *El Pueblo Gallego* editou no ano 1932 na ocasión das festas do Corpus Christi en Ourense. Exactamente no polo oposto ó pintoresquismo, supérase en «Ourense, craro río, verde val» a banalidade do mero calco fotográfico das paisaxes ourensás máis celebradas. Otero Pedrayo mellor procuraría transmitir nestes versos unha visión subxectiva de distinto teor, de seguro máis fonda e reservada, que condensase, en núa confianza, a súa comprensión do ser da cidade ourensá a través da escolla menotonímica dos seus lugares predilectos.

O longo destas páxinas sumarias, por suposto ficou alleo á nosa pretensión o dar cumprida noticia do carácter da creación poética de Otero Pedrayo. Semella ben doado decatarse de que «Natal» e «Ourense, craro río, verde val» son a penas dúas mostras sinxelas, de magnitude relativa, na integridade do seu universo lírico. Coidamos que ambas contribúen, non obstante, a exemplificar o atractivo e o valor da poesía como un ámbito singular da obra oteriana que no decorrer do tempo non veu gozando da atención que xustamente merece. Tan rara recepción lectora e, sobre todo, crítica, de alcance máis capital aínda se nos fixarmos na desviación cara á liricidade dunha boa parte da narrativa de Otero Pedrayo, pide ser mitigada con prema e exactitude recadando de vez os versos que xacen hoxe estrados nas palestras máis insospeitadas. Así se plasmaría, é moi probable, a certeza daquel xuízo profético de Carballo Calero na altura temperá de 1958: «A gloria de Otero como poeta non fará senón medrar»⁷⁷. E así se compartiría, simultaneamente, a lexítima crenza do propio Otero Pedrayo de cadaquén ter por dereito encher coa súa lectura individual os bens da escrita de todo autor:

É fermosa, dorosa e tráxica a nova recriazón en cada lector do tema dunha páxina, do tema e do ornamento. Todos os libros merecentes de tal nome -os que eisceden do nivel banal do que se chama literatura- deberan sere comentados, millor refeitos, alonados por a enorme sinceridade das xeneracións dos lectores⁷⁸.

Xosé Manuel Dasilva Fernández
I. B. Vilagarcía de Arousa

77. Carballo Calero, «Ramón, príncipe...», p. 132, n. 28.

78. Ramón Otero Pedrayo, «Choirra ao lonxe», en *El Pueblo Gallego*, 9 xullo 1933.